

ACTA N 2019/23
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
3 DE XUÑO DE 2019.-

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....	2
PUNTO SEGUNDO.- LICENZA DE PARCELACIÓN.....	2
PUNTO TERCEIRO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.....	4
PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1.- MONITOR ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE E LOTE 2.- MONITOR DE COMEDOR ESCOLAR, DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO INSERAMES BRIÓN XI DO CONCELLO DE AMES.....	5
PUNTO QUINTO.- DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DO EXPEDIENTE DAS ACCIÓNS FORMATIVAS LOTE 1.-OPERADOR DE CARRETILLA ELEVADORA (2 EDICIÓNS) E LOTE 2.-OPERADOR DE PLATAFORMAS ELEVADORAS MÓBILES DE PERSOAL (PEMP) DENTRO DE PROGRMA INTEGRADO INSERAMES BRIÓN XI DO CONCELLO DE AMES.....	6

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE XUÑO DE 2019.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as trece horas (13:00 h) do día tres (3) de xuño de dous mil dezanove (2019), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde en funcións, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde en funcións, Genma Otero Uhía, David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, e Luísa Feijóo Montero.

Non asisten pero xustifican a súa ausencia as concelleiras en funcións M^a Isabel Vaquero Quintela e Silvia Dapena Liñares.

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular de corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da **sesión anterior, ordinaria do 24 de maio de 2019**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO.- LICENZA DE PARCELACIÓN.

Expediente: 2019/U018/000010

Dáse conta da solicitude presentada por

[REDACTED]

Figura no expediente proxecto de segregación subscrito polo técnico superior en proxectos de obra civil Jesús Castiñeiras Lage (colexiado 1052), datado en febreiro de 2019.

Clasificación do solo PXOM : Solo de núcleo rural.

Descrición e estado actual da parcela:

[REDACTED]

[REDACTED]

[REDACTED]

[REDACTED]

Parcelación proposta:

[REDACTED]

En aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas,

aboáronse as taxas por importe de [REDACTED]


Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura tamén a conformidade da Intervención municipal ás consideracións tributarias deste expediente.

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- [REDACTED]

Parcelas de resultado	Superficie bruta	Cesión viais	Superficie Neta
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]

A descrición gráfica das actuacións de parcelación que se autorizan é a seguinte:



Segundo.- Autorizar a división dos terreos destinados a regularización do viario, cunha superficie total de 147,00 m² (dos cales 87,00 m² corresponden á parcela A; e 60,00 m² á parcela B) a efectos do cumprimento da obriga de cesión ao Concello do artigo 24 LSG, cesión que condiciona a presente licenza de parcelación e que deberá formalizarse en documento público que deberá achegarse, cando máis, coas solicitudes de licenza de edificación.

A efectos de realizar á devandita cesión para regularización do viario público, a franxa de cesión

deberá atoparse libre de cargas e gravames. Así mesmo, deberá atoparse libre de calquera instalación, construción ou elementos que impidan o destino efectivo para viario, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello namentres non se cumpra o anterior.

Terceiro.- Formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Expediente:2018/U007/000018

Dáse conta da solicitude presentada por [REDACTED]

A licenza de obras (expediente 2017/U022/000024) foi concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data do 8 de xuño de 2017, [REDACTED]

Achega o correspondente certificado final de obra (26 de setembro de 2018), asinado polos técnicos directores das obras e visado polos colexios correspondentes.

Constan no expediente os informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura a conformidade da intervención municipal ás consideracións tributarias deste expediente.

Figura aboada a taxa pola expedición de licenzas urbanísticas por importe de 64,57euros.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza de primeira ocupación solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED]

[REDACTED] segundo certifican o arquitecto José María Lorenzo Fernández (colexiado Nº 2.891) e o arquitecto técnico José Antonio Cendal Villaverde (colexiado Nº 1.603).

Segundo.- Aprobar a liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) complementaria á liquidada con carácter provisional no momento de conceder a licenza. De acordo co indicado, esta liquidación responderá ao seguinte detalle:

[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]

O anterior debe entenderse sen prexuízo da liquidación definitiva que, no seu caso, sexa ditada no marco co correspondente procedemento inspector, nos termos do artigo 101.3. a) da Lei 58/03, de 17 decembro, xeral tributaria.

Terceiro.- Formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concedeu a licenza de obra 2017/U022/000024.

Cuarto.- Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Quinto.- Notificar aos interesados no procedemento coa indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Sexto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1.- MONITOR ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE E LOTE 2.- MONITOR DE COMEDOR ESCOLAR, DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO INSERAMES BRIÓN XI DO CONCELLO DE AMES.

Expediente 2019/C004/000003

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 25 de abril de 2019 realizou a Clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación das accións formativas do programa integrado de emprego Inserames Brión XI, lotes 1 e 2.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar.

Unha vez presentada a documentación requirida, segundo o establecido no artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público polos licitadores clasificados en primeiro lugar, Lotes 1 e 2, resulta procedente adxudicar os referidos lotes que son:

- Lote nº 1.- Monitor de actividades de tempo libre
- Lote nº 2.- Monitor de transporte e comedor escolar

A documentación achegada polo licitadores clasificados en primeiro lugar foi examinada e considerada axeitada pola Mesa de Contratación na súa reunión de 24 de maio de 2019.

Figura fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, informe 224/2019.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o **Lote nº 1 – Monitor de Actividades de Tempo Libre** á seguinte empresa coas seguintes características:

LOTE 1: Monitor de actividades de tempo libre	CIF	Nº de Accións formativas dos profesionais relacionadas coa docencia a maiores da mínima esixida	Oferta económica
A Billarda S.L.	B-27278845	9 accións formativas	5.800,00 €

Así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Segundo.- Adxudicar o **Lote nº 2 – Monitor de Transporte e Comedor Escolar** á seguinte empresa coas seguintes características:

LOTE 2 : Monitor de Transporte e comedor escolar	CIF	Nº de Accións formativas dos profesionais relacionadas coa docencia a maiores da mínima esixida	Oferta económica
A Billarda S.L.	B-27278845	9 accións formativas	2.400,00 €

Así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas polas empresas adxudicatarias, así como o resto das características e condicións establecidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

Terceiro.- Duración do contrato.

A duración do contrato será dende o día seguinte á formalización de cada un dos contratos, e a prestación do servizo non excederán, en todo caso, do 31 de outubro de 2019.

Os horarios, días e lugares da prestación das accións formativas será determinada previamente polo concello.

As horas de cada un dos lotes adxudicados é a seguinte:

Lote	Acción Formativa	N.º de Horas Formación	Nº Horas Práct
1	Monitor de Actividades de Tempo Libre	200	150
2	Monitor de Transporte e Comedor Escolar	60	25

Cuarto.- Resto de condicións

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO.- DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DO EXPEDIENTE DAS ACCIÓN FORMATIVAS LOTE 1.-OPERADOR DE CARRETILLA ELEVADORA (2 EDICIÓNS) E LOTE 2.-OPERADOR DE PLATAFORMAS ELEVADORAS MÓBILES DE PERSOAL (PEMP) DENTRO DE PROGRMA INTEGRADO INSERAMES BRIÓN XI DO CONCELLO DE AMES.

Expediente: 2019/C004/000007

Dáse conta do expediente de licitación das **Accións Formativas de Manexo de Maquinaria Elevadora (2 lotes): Lote 1.-Operador de carretilla elevadora (2 edicións) e Lote 2.-Operador de plataformas elevadoras móbiles de persoal (PEMP)**, dentro do Programa Integrado INSERAMES BRION XI, tramitado mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación urgente, cuxa licitación foi aprobada en Xunta de Goberno Local do 16 de maio de 2019.

O 27 de maio de 2019 rematou o prazo de presentación de ofertas, tras haber trasladado invitación a tres empresas en cada un dos lotes licitados mediante a Plataforma de Contratación do Sector Público; ningunha das empresas invitadas presentou oferta/s.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda, así como a delegación efectuada mediante decreto de Alcaldía 480/2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar deserta a licitación das distintas **Accións Formativas de Manexo de Maquinaria Elevadora (2 lotes): Lote 1.-Operador de carretilla elevadora (2 edicións) e Lote 2.-Operador de plataformas elevadoras móbiles de persoal (PEMP)**, dentro do Programa Integrado INSERAMES BRION XI.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas e trinta minutos estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde en funcións
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo